



AULA MATINAL CURSO 2020/21

Informamos das novidades na aula matinal para este curso 2020/21, tendo en conta que non podemos adiantar, polo momento, a data do comezo da mesma.

- **Trasladamos o servizo ó comedor** pola reorganización levada a cabo nas aulas do centro.
- **As familias non podemos acceder ao interior do edificio do colexio.** O acceso ó comedor realizarase pola escaleira exterior. Será necesario rodear o edificio principal, como se fôsemos ó pavillón, e subir pola escaleira situada a nosa dereita.
- Raquel recibirá as crianzas nesa porta de comedor, e **botaralles o xel desinfectante antes de entrar.**
- **As cativas e cativos terán posta a máscara en todo momento** o estar nun mesmo espacio alumno/as de distintos grupos de convivencia.
- **Distribuiranse no comedor por grupos de convivencia,** e mantendo a distancia obrigatoria entre grupos.
- **O servizo comeza as 7.30 h,** como ven sendo habitual, **pero este curso a hora límite para deixar as crianzas son as 8:30 h.** A partir desa hora, xa non é posible o acceso ó recinto escolar, por parte das familias.
- **Débese informar ó ANPA** (polos medios habituais) **aqueles/as usuarios/as eventuais,** que van facer uso do servizo de maneira puntual, para poder levar un control de asistencia.
- **Lembramos cás familias debemos tomar a temperatura dos nosos fillos e fillas** antes de saír de casa, e **non debemos levalos ó centro en caso de ter febre.**

Informaremos en canto sexa posible da data de inicio deste servizo.

Manteranse as tarifas do curso pasado 30€/mes